

O MACUF presenta un Ciclo de Curtametraxes Galegas, a súa primeira iniciativa no eido audiovisual. Con este ciclo quere destacar e dar a coñecer obras audiovisuais en formato curto e medio (vídeo e cinematográficas), que a cotío son condenadas á súa exhibición en lugares pouco axeitados e ante públicos minoritarios esquecendo que as curtas e mediametraxes son, en definitiva, CINE.

A selección de autores e películas pretende ser representativa do panorama audiovisual galego, ao tempo, que permita disfrutar aos espectadores dunha programación de calidade, acompañada de interesantes mesas redondas sobre temas relacionados coa produción audiovisual.

Reyes Abad, coordinadora do Ciclo - Alicia Vazquez, MACUF

ANIMACIÓN: 4-11-18 de Outubro FICCIÓN: 25 de Outubro e 8-15-22-29 de Novembro

4 de Outubro

DYGRA

EL SEÑOR DE LOS MOSQUIS. 2003, 2004, 2005. Tres episodios, educativo, 10'

Triloxia protagonizada polas moscas Ho-Ho e Hu-Hu. Presenta actividades pedagóxicas para os nenos relacionadas coa economía e a sociedade da globalización

11 de Outubro

LHOSCA ARIAS

LUMI, HISTORIA DE UN IMPULSO. 1994. 5'

Un ollo no país dos ollos, descobre o televisor

PILDORAS DE O CARRABOUXO. 2000. 1'

O Carrabouxo é un popular protagonista de humor gráfico en prensa caracterizado por unha gran retrans na súa percepción do mundo.

O VISGO MÁXICO. 2000. 5'

Aventuras na cultura castrexa.

JUAN PABLO ETCHEVERRY

MINOTAUROMAQUIA. 2004. 10'

"Pablo no labirinto". A partir da obra pictórica de Pablo Picasso, e do mito do labirinto do minotauro, desenvólvese unha narración chea de metáforas e imaxes oníricas, na que o pintor é perseguido por personaxes do pasado.

MONOS. 1997. 1'30"

Estudo sobre monos, tras un ano debuxando no Zoo de Barcelona.

EGON SCHIELLE. 1998. 3'30"

Egon Schielle, pintor e debuxante austríaco, morre poucos días

despois da morte da súa muller, Edit Schielle.

DANZA SOBRE PAPEL. 1998. 3'

Estudo sobre danza despois de tres anos debuxando no instituto de teatro.

DOGINTERFACE. 2000. 4'

¿Viches algunha vez unha carreira de galgos? O canódromo, a lebre, o can. Instinto. Obsesión.

DE TRIPAS Y CORAZÓN. 2002. 12'

O contaxio e a adicción explicados nunha fábula sinistra.

18 de Outubro

ALGARABÍA (VIRGINIA CURIÁ & TOMÁS CONDE)

ALEGRÍAS DE PUERTA TIERRA. 1994. 3'

Representación flamenco de "Alegrías de Puerta Tierra"

GOOD NIGHT MON AMI. 2002. 11'

Nun porto do norte de Europa atópase un mariñeiro que fala francés con outro que fala inglés. Os dous beben xuntos sen se entender. Cando queren pagar decátanse de que lles roubaron as carteiras.

A ESCOLA DAS AREAS. 2002. 11'

Nunha viaxe a Pontevedra Frei Martín Sarmiento discute cun mestre castelanfalante sobre a necesidade de lle ensinar aos nenos o galego.

IGNOTUS. 2000. 16'

Un neno orfo consegue sobrevivir á fame negra de 1853 coa axuda de Rosalía, unha moza escritora de clase social acomodada, quen lle proporciona alimento e roupa ao rapaz. Baseado no relato homónimo de Manuel Murguía.

OS DEFUNTOS FALABAN CASTELAO. 2000. 16'

Na noite de defuntos nunha vila galega unha rapaza fuxe da casa para ir casar co seu mozo. Esa mesma noite os veciños da rodeada escoitan unhas misteriosas voces que no camposanto falaban...

||castelao|| Historia baseada nun relato de Ánxele Fole.

25 de Outubro

PACHI BARANDA

GALIZA. 2005. 13'30"

Había unha vez un el que era todo noite. Había unha vez unha ela que era toda día. Parecía que non, que imposible, que nunca, que xamais...

MIKEL FUENTES (MR. MISTO)

ROSAS. 2005. 15'

As lembranzas mestúranse cunha realidade case incompreensible.

XOSÉ ZAPATA

O COXO. 1999. 8'

O vello Coxo vive alcoholizado e introducido na monotonía dunha vida obsesionada pola morte e os recordos.

8 de Novembro

JORGE COIRA

O MATACHÍN. 1995. 15'

Dous camelos de pouca monta, Fran e Tuto, van ao aeroporto a buscar a Lola, a moza de Fran. Lola chega de Venezuela portando cocaína no estómago.

A GRAN LIQUIDACIÓN. 1995. 20'

Dous ineptos asasinados a soldo tentan rematar coa vida dun adañeado ancián.

AS XOLAS DA SRA. BIANCONERO. 1994. 17'

Na presentación dunha colección de xoias, un dos camareiros, ferido polos dardos do amor comeza a beber sen control e un malvado ladrón aproveita a situación.

¿A TI COMO SE CHE DI ADEUS? 1999. 13'

Sete parellas que se din adeus, sete historias enlazadas por despedidas pretenciosas, despedidas violentas, despedidas torpes.

ÁLEX SAMPAYO

A BOA CALIGRAFÍA. 2004. 20'

Rosa descobre unha carta de amor. O seu marido ten unha admiradora, mais averiguar o contido da carta é un problema. Rosa non sabe ler.

ALZHEIMER. 2000. 9'

Percorrido polas lembranzas dun enfermo de Alzheimer xusto no momento da súa morte.

15 de Novembro

ALBER PONTE

ESPERANDO. 2004

Un home acaba de tomar a gran decisión da súa vida. Só lle resta saber se ten que ir coa verdade por diante ou por detrás.

UNHA LUZ ENCENDIDA. 1993. 23'

A rutina e o silencio ameazan a convivencia dunha parella.

A ORIXE DO PROBLEMA. 1997. 20'

O problema do protagonista desta historia é que descoñece a súa orixe, e vana descubrir demasiado tarde.

ATLÁNTICO EXPRESS. 1995. 10'

Unha muller que deixou a súa casa na adolescencia volta para descubrir que os seus pais son incapaces de axudala a pór a súa vida en orde.

CHEMA GAGINO

ISOLINA DO CAUREL. 1997. 16'

Un home chega a unha remota paraxe na Serra do Caurel para cumprir unha promesa: procurar o perdón de Isolina.

AFONÍA. 1996. 14'

Un actor de dobraxe traballa nunha telenovela cando se ve aqueixado de afonía.

22 de Novembro

PACO RAÑAL

CORUÑA IMPOSIBLE. 1996. 12'

Un delincente, namorado das paradoxas dimensionais de M.C. Escher..., está a facer un plano da cidade da Coruña. Un día esperta e sofre unha estraña traslocación...

INÚTIL. 2001. 20'

Pedro está nun examen na súa facultade. No lugar de respostar ás preguntas do exame, comeza a relatar anacos da súa vida.

RICARDO LLOVO

TELEVAPOR. 1995. 8'35"

Os anos finais do século XIX Don Gonzalo vai tentar a emisión e a recepción de imaxes a distancia.

XINETES NA TORMENTA. 2001. 15'

É a primeira vez que Suso vai ao Gran Sol, quere aforrar para poder comprar unha guitarra eléctrica. Baseada no relato de Manolo Rivas.

RAFA CALVO

O TRASTO. 2002. 16'

Cun ton de humor negro e personaxes estereotipados, "O trasto" reflexa a incomunicación, abandono e soidade do avó.

29 de Novembro

DAVID E TRISTÁN ULLOA

CICLO. 2002. 22'

Historia dun timador de pouca monta que se adica a estafar anciáns cun negocio que el cre que funciona como unha engranaxe perfecta.

BEATRIZ DEL MONTE

O RÍO TEN MANS. 2000. 16'

Un home regresa á súa vila e enfróntase coas súas lembranzas.

TOÑO LÓPEZ

MAITINES. 2001. 8'

Dous monxes amigos consumen os días apaciblemente no seu monasterio vendo pasar a vida, pero un deles non o ten moi claro...

DOCUMENTAL: 13-20 de Decembro

13 de Decembro

SANDRA SÁNCHEZ

VEN A BENS. 1992. 14'

Documental sobre o microcosmos dun vertedeiro de lixo.

AGUIÑO. SOBREVIVIR AO PRESTIGE. 2003. 55'

As consecuencias do Prestige en Aguiño, a través do contraste entre imaxes de 1999 (recollidas para a docuserie "Moito mar") e gravacións de tres anos despois.

20 de Decembro

LUIS PABLO ROMÁN

MARCANDO DISTANCIAS. 1996. 8'

Achegamento ás relacións e á distancia física entre os seres humanos.

PACO CUESTA

PERCEBEIROS. 1999. 28'

Vida dunha vila mariñeira que depende da recollida de percebes.

Agradecimentos: Carlos Amil, David Castro de Paz, Ángel Cordero, Ramona Giráldez, Marta Gómez, Fran Negreira, Manu Mayo, Carlos Oro, José Manuel Sande, Bea Tabeayo, Carlos Taboada, Vero, ALDEA FILMS, CONTINENTAL, FILMANOVA, LÚA FILMS; a todos os directores e produtores das curtas e a todas as persoas que fixeron posible este proxecto.